



O meu irmão

PELUDO




Logo de moito pensalo e ver as necesidades que ten un can, os meus pais decidiron adoptar a Sam.

Sabemos que é para toda a vida e non podemos abandonalo como fixeron os seus antigos donos.




Dixéronnos que lle causaron moita dor e tristeza, pero iso xa rematou porque nós ímolo querer para o resto da súa vida.

Converteuse nun membro máis da familia, eu digo que é o meu irmán peludo.



Cando a miña mamá me leva ao cole pasamos por un xardín para que Sam faga pipí e caca.

Sempre levamos un rolo de bolsas para recoller as cacas e unha botella de auga para botar enriba dos pipís que fai. Deste xeito axudamos a manter limpas as rúas.






Á saída do colexio o meu avó e o meu irmán peludiño recóllenme. Sam recíbeme con lambeduras e movendo a cola e o meu avó cun forte bico.

Os meus compañeiros de clase aproveitan para acariñalo con coidado, para non angustialo nin facerlle dano.


Xa na casa comemos todos xuntos. El ten a súa comida no seu comedero e a súa auga no seu bebedeiro. É moi importante que o seu bebedeiro sempre teña auga limpa e fresquiña.

Despois de comer durmimos a sesta. Cando a miña nai non me ve, deixo que suba ao sofá comigo.



Doume prása en rematar os deberes e merendar para xogar con Sam no parque. O seu xogo preferido é recoller a pelota que lle lanzo.

A pelota non é unha de tenis, esas son moi malas para os seus dentes. A pelota ten que ser unha especial para cans.




Gústame moito cepillalo e levalo ao salón de peiteado canino cando está porcallán.

Aínda que a min me dá moita pena, a miña mamá dime que é moi importante levalo ao veterinario para que o vacinen e non colla enfermidades.



E ti, animáste a adoptar un can e coidalo como merece?



Edita: © Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030. Secretaría Xeral Técnica. Centro de Publicacións
NIPO en liña: 129-23-026-5
Escrito por: Cristina Soler
Deseño e maquetación: Editorial MIC. Texto orixinal: Cristina Soler. Ilustracións: Juanjo Jiménez
<https://cpage.mpr.gob.es/>

Autorízase a difusión en liña e a reprodución reprográfica destes materiais sen carácter comercial, con fins docentes e de divulgación, por institucións docentes, asociacións e calquera outras entidades privadas sen ánimo de lucro. En ambos os dous casos, deberase respectar a súa integridade, así como os créditos editoriais. Para calquera outro uso deberase solicitar autorización ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 como titular dos seus dereitos.

O meu irmán PELUDO

Descubre como lle cambiou a vida a Sam cando foi adoptado por unha familia comprometida e cariñosa. Un conto que fomenta a tenencia responsable, o non abandono e a adopción.

